

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Especie de venda feita dun tecido elástico, que se coloca no nocello do pé para mantelo firme e, dese xeito, protexelo das torceduras ou evitar que as sufra cando se está a recuperar de certas lesións:

- A) Tobilleira.
- B) Noeleira.
- C) Tornozeleira.
- D) Tobillera.

2. Expresión ou cousa que vai en contra da lóxica ou do sentido común:

- A) Paradoxo.
- B) Paradoxa.
- C) Paradóxo.
- D) Paradoxal.

3. Sinalar o plural INCORRECTO na lingua galega:

- A) Áxil-áxiles.
- B) Plural-plurales.
- C) Aval-avais.
- D) Útil-útiles.

4. Das seguintes frases, indicar cal é a CORRECTA na lingua galega:

- A) Apareceron gromos da covid-19 que non foron atallados a tempo.
- B) Apareceron brotes da covid-19 que non foron interrompidos a tempo.
- C) Apareceron gromos da covid-19 que non foron atallados a tempo.
- D) Apareceron gromos da covid-19 que non foron interrompidos a tempo.

5. Pano pendente do pescozo para soste unha man ou un brazo cando están magoados:

- A) Cabestrillo.
- B) Cabilla.
- C) Colo.
- D) Estribeira.

6. Indicar a serie CORRECTA:

- A) Pelicano, téxtil, psicose, xaxún.
- B) Pelícano, téxtil, psicose, xaxún.
- C) Pelicano, textil, psicose, xaxún.
- D) Pelícano, textil, sicose, xaxún.

7. O xentilicio de Noia é:

- A) Noiés-esa.
- B) Noián-á.
- C) Noiano-ana.
- D) Noiense.

8. Infección xeral grave do organismo producida pola presenza de xermes patóxenos no sangue:

- A) Sepsis.
- B) Sepsi.
- C) Sepse.
- D) Sepses.

9. Indicar a serie CORRECTA na lingua galega:

- A) Triage, reservorio, cápside, polimerasa.
- B) Triaxe, reservorio, cápside, polimerasa.
- C) Triaxe, reservorio, cápside, polimerase.
- D) Triaxe, reservorio, capsida, polimerasa.

10. O termo hipoxeusia en galego:

- A) É a diminución ou deterioración do sentido do gusto.
- B) É a perda ou ausencia total do sentido do gusto.
- C) Non existe.
- D) É a diminución ou deterioración do sentido do olfato.

Preguntas de reserva

1. O termo "golfinho" en galego significa:

- A) Animal acuático.
- B) Deporte.
- C) Embarcación de pesca.
- D) Rapaz traveso.

2. Indicar a serie CORRECTA:

- A) Medula, omoplata, parásito, reptiles.
- B) Medula, omoplato, parasito, réptiles.
- C) Médula, omoplata, parásito, réptiles.
- D) Medula, omoplata, parasito, réptiles.